



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75% [Prioridade 1 – OE1.b) – medida 121]

ACORDO DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO PARA COMUNICAR A APERTURA DO PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES AO ABEIRO DA ORDE DO 23 DE ABRIL DE 2020, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS XERAIS E A CONVOCATORIA PARA O ANO 2020, PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS A PROXECTOS COLECTIVOS, FINANCIADOS POLO FEMP, QUE CONTRIBÚAN Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL.

PROCEDEMENTO : PE 209C/2020F

Con data 14 de marzo publicouse no BOE o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, en cuxa Disposición Adicional Terceira no apartado 4 prevíase inicialmente a suspensión de todos os prazos administrativos que foi posteriormente modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, publicado no BOE do 18 de marzo de 2020 cuxo artigo único, modifica o apartado 4 da Disposición Adicional Terceira e habilita á Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para o interese xeral.

En base ao anterior, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 8 de abril de 2020, adoptou, entre outros o acordo de continuación de tramitación do expediente da Consellería do Mar da Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

Con data 13 de maio publicase a citada orde (DOG número 92). A disposición adicional segunda de suspensión de prazos, establece que consonte ao disposto na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedan en suspenso os termos e prazos recollidos na orde. O cómputo dos mesmos reanudarase no intre en que perda vixencia o citado Real Decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.





O Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, publicado no BOE do 23 de maio de 2020, establece no seu art. 9 que **con efectos do 1 de xuño, o cómputo dos prazos administrativos que houberan sido suspendidos se reanudarán**, ou se reiniciarán, se así o houbese previsto nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas”.

Polo exposto, acordo comunicar que o **vindeiro luns 1 de xuño de 2020 abrirase o prazo de presentación de solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia**, <https://sede.xunta.gal>, para a Orde, do 23 de abril de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

O prazo de presentación de solicitudes será o establecido no artigo 11 desta orde de convocatoria.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(Asinado dixitalmente)

